

D.^a Virginia Fraga Díaz, SECRETARIA XERAL DO ILMO. CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 17 de agosto de 2022, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE BEN INMOBLE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE SAÚDE EN A RAMALLOSA. *EXPED. 2022/C009/000001*

EXPEDIENTE: 2022/G003/001088

Á vista do actuado no expediente de adquisición directa mediante compravenda de parte do inmovible que se describe a continuación:

Dirección: LUGAR DE CACHEIRAS-RECESENDE

Localización: Gandarón

Superficie: 0,9884 hectáreas

Lindeiros: Norte, Jesús Rodríguez Rodríguez -1869- e Mercedes García Vales -1867-; Sur, José Casal Vilariño -1864-, José Mosquera Vázquez -1863- e Concello de Teo -1862-; Este, María Teresas Currás Rey -1866-; Oeste, camiño.

Descrición: Finca número MIL OITOCENTOS SESENTA E UN do Plano de Concentración Parcelaria de Cacheiras-Recesende, Concello de Teo. Terreo adicado a monte ao sitio de “Gandarón”, da extensión superficial de noventa e oito áreas e oitenta e catro centiáreas

Referencia catastral: 15083A515018610000KY

Inscrición no Rexistro da propiedade de Padrón: Tomo: 865, Libro: 324, Folio: 162, Inscrición 2^a, Fecha: 29 de agosto de 2017.

Segundo o expediente e á vista do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 4 de abril de 2022, dos 9.884 m² do inmovible, a parte que se pretende adquirir concrétese en 5.635 m², superficie que se corresponde coa parte da parcela clasificada como solo rústico de especial protección forestal (R-3), e cuxa innecesariedade de licenza de segregación foi declarada pola Xunta de Goberno Local na sesión citada.

Tendo en conta a Memoria incorporada ao expediente, de 4 de abril de 2022, xustificativa da necesidade e conveniencia da adquisición, do fin a que pretende destinar os terreos que se pretenden adquirir e do procedemento de adxudicación que se propón seguir.

Visto o informe do arquitecto municipal, de 11 de abril de 2022, os informe de Secretaría, de 7 de abril e 12 de agosto de 2022, os informes de intervención, de 17 de agosto de 2022, e o Prego de condicións, de 12 de agosto de 2022, incorporados ao expediente.

Considerando que, segundo o informe do arquitecto de 11 de abril de 2022, de valoración de fincas, o valor da parcela cuxa adquisición se pretende, ascende a corenta e cinco mil seiscientos corenta e tres euros con cincuenta céntimos (45.643,50 €).

Resultando que segundo o certificado de existencia de crédito, de 21 de abril de 2022, incorporado ao expediente, existe crédito axeitado e suficiente, a nivel de vinculación xurídica, para adquisición da parcela descrita por importe indicado, con cargo á partida 2022 933/681.00 do orzamento vixente.

Vista a restante documentación que integra o expediente obxecto da presente e considerando que se cumpriron todos os trámites para proceder á adquisición directa da parcela descrita.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Prego de condicións, de 12 de agosto de 2022, que rexerán a adquisición directa polo Concello de Teo, mediante compravenda, de parte da parcela 1861 do polígono 8 da concentración parcelaria de Cacheiras-Recesende (finda 3574) sita na Ramallosa, polo prezo de corenta e cinco mil seiscentos corenta e tres euros con cincuenta céntimos (45.643,50 €).

Segundo.- Aprobar a taxación realizada polo arquitecto municipal, Ignacio Soto González, valorando a parcela no importe citado.

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación e o gasto correspondente, con cargo á partida 933/681.00 do vixente orzamento municipal, por importe de corenta e cinco mil seiscentos corenta e tres euros con cincuenta céntimos (45.643,50 €), segundo a valoración técnica que obra no expediente.

Cuarto.- Invitar á propietaria para ver se está interesada na adquisición e se acepta as condicións polas que se formalizará a mesma mediante compravenda.

Quinto.- Dar conta ao pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre. “

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. Alcalde, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e praxe

O alcalde

Virginia Fraga Díaz

Rafael C. Sisto Edreira